



C.P.I. LUÍS DÍAZ MORENO


BIBLIOTECA ESCOLAR—HORA DE LER

AS VIAXES



ESCOLLE A TÚA VIAXE






OS ANCARES

Os Ancares caracterízanse polo seu valor como reserva natural. Os seus vales, montes e vilas están salpicados de vestigios de diferentes épocas e consérvanse nun entorno apenas alterado polo home.

Os conxuntos de Pallozas constitúen o monumento máis importante (Piornedo, O Cebreiro ou Campo da Agua).

Tamén destacan castelos medievais como Doiras e Donís.



COVAS DE VALPORQUERO

A cova é o resultado, sempre en evolución, da erosión da auga ao disolver a caliza entre a que circula. Ten hermosas formacións de estalactitas e estalagmitas, así como abundantes cursos de auga con cascadas e pequenos torrentes. A humidade dentro é alta, e a temperatura permanece estable ao longo de todo o ano (7° C). Están abertos ao público case tres km entre ida e volta, cun total de 7 salas.

LOS OSCOS

A orixe do nome desta comarca asturiana ven dos Oscos, antigo pobo itálico que se instalou neses recónditos vales seguindo aos romanos que chegaran alí na busca de ouro.

O que fai dos Oscos unha comarca única son as vilas abandonadas, os violentos ríos, a vella pedra das casas, os artesáns, a forte gastronomía, a calor das súas xentes e sobretudo, a vegetación de intensos verdes, un sentimento de maxia, soedade e misterio do que non é se pode escapar.


Non se pode perder a visita de San Martín de Oscos, Villanueva de Oscos y Santa Eulalia de Oscos..

Os mazos

Tanto en Mazonovo como en Teixois podemos contemplar ben restaurados dous dos moitos mazos que existiron na comarca ata non fai moito tempo. Desde as súas orixes os mazos e ferrerías tiveron gran importancia na actividade económica, especialmente durante os sécalos XVIII e XIX. Nas ferrerías fundíase o mineral en lingotes e nos mazos estirábase, dando forma a utensilios e ferramentas que se vendían no propio mazo ou nas feiras como tixolas, cazos, cubos, machadas, picos, etc.

Parece ser que esta técnica era original do País Vasco e foi traída aquí por vascos que viñeron a establecerse nestas terras atraídos pola abundancia de auga, a madeira dos bosques que era imprescindible para facer o carbón vexetal que alimentaba a Fragua e polo mineral de ferro.

Hoxe en Mazonovo e Teixois os cuidadores dos mazos ofrécennos unha mostra daquela labor.



O COUREL

A serra do Courel é un dos espazos máis atractivos de Galicia, gardando no seu interior arte, lendas e natureza a partes iguais. A paisaxe é vertixinosa, de vales estreitos, encaixados entre ladeiras case verticais coronadas por un rosario de cumes que constitúen as derradeiras estribacións da Cordilleira Cantábrica. Destacan Piapaxaro, Porto Mourelo ou a Cabra.



SANABRIA

Situado na parte noroccidental da provincia de Zamora, o Parque Natural del Lago de Sanabria ocupa una extensión de 22.365 hectáreas e dentro dos seus límites atópase ol lago glaciar máis grande da península ibérica (368,5 hectáreas), así como numerosas lagoas espalladas pola serra e distintos vestixios do fenómeno glaciar: vales encaixados, morrenas, cañons,... etc. Constituen un lugar magnífico donde estudar a acción dos glaciares sobreol terreo, a través de numerosos itinerarios a pe. Pero tamén é unha bo sitio donde disfrutar das moitas posibilidades que ofrece un espazo natural tan fermoso coma éste. Así, ademáis de camiñar polas numerosas rutas que percorren a montaña, en contacto directo con la naturaleza, pódense visitar distintas vilas dentro e fóra do parque.



San Andrés de Teixido

A ría de Cedeira é a máis pequena das Rías Altas. Ábrese ó norte da provincia da Coruña. Alí atópase o concello de Cedeira. Está formado por 8 parroquias e ten aproximadamente 7.700 habitantes.

A vila de Cedeira ocupa as dúas marxes do río Condomiñas na zona da súa desembocadura, quedando a parte antiga da vila na beira dereita.

Entre os altos cantís que circundan este concello, e no fondo dun val, a 140 metros sobre o nivel do mar, atópamos na parroquia de Santa María de Régoa un santuario: é o de Santo André de Teixido, un dos máis coñecidos de Galicia.

Na serra da Capelada están os cantís máis altos do Atlántico europeo con 612 metros de altura. Este lugar está relacionado con antigos cultos aos lugares onde se cría que remataba o mundo.

Conta a lenda que o Apostol San Andrés se queixou amargamente ao Señor por ter un Santuario en Teixido, un lugar apartado e solitario, mentras que a Santiago o ían visitar de todas partes.

O señor prometeulle que a partir de entón a súa romaría sería das máis famosas e ninguén –nin de vivo nin de morto– deixaría de visitalo.

A promesa divina quedou plasmada no vello dito: "A San Andrés de Teixido vai de morto o que non foi de vivo". E así sempre se creu que o que non ía cando estaba vivo iría o seu espírito de morto. Por iso se tiña moito cuidado cando se ía visitar ao Santo de non pisar os animalitos porque podían ser "xente" que non cumpliu a promesa en vida.



AS MÉDULAS

As Médulas foi unha antiga explotación romana de ouro a ceo aberto e que forma hoxe unha paisaxe espectacular que antigamente fora o monte Medilium, con áreas encarnadas, castiñeiros e carballos verdes. O título de Patrimonio da Humanidade que lle foi concedido recolle a consideración de toda a zona como Paisaxe Cultural, como espazo que une os valores culturais e naturais. Preto está o lago de Carucedo, producido polo taponamento do val e que hoxe tamén é un espazo protexido.




AS FRAGAS DO EUME

As Fragas do Eume son un ecosistema único en Europa. Agrupadas nas beiras do río Eume, a extensión arbórea é a mostra principal dun sistema ecológico, o bosque atlántico, tan específico gracias á proximidade do mar e as fondas riberas do río, que o convirteu, en 1997, en Parque Natural. É, por tanto, un espazo protexido, pero visitable, que ofrece agradables sorpresas a quen lo percorre.

Conta a lenda que Deus ao crear os tres ríos que nacen na la sierra de O Xistral -Eume, Landro y Masma- prometeu un hombre todos anos a quien chegase primeiro ao mar. Traicionado polos outros dous, que o deixaron durmindo, o Eume tivo que cruzar vales e montañas para gañar. Por eso saíu bravo y agreste e por eso tamén se leva cada ano a vida dun home, ou se levaba antes dos encoros.

Nas terras máis próximas ao río medran bosques de ribeira con base en chopos e amieiros, que agachan auténticos tesouros de fentos e musgos, específicos do parque, e tamén duas raras especies de narcisos. Si subimos polas ladeiras de los montes, atopamos bosques de carballo. Tamén hai especies animais endémicas en peligro de extinción, desde pequenos anfibios e réptiles, como a píntega, ata especies maiores, como o lobo ou diversas aves da rapiña.





No ano 1913, durante a construción dunha pista forestal no monte, descubriuse un importante xacemento arqueolóxico de Galicia, coñecido como Castro de Santa Negra.

Este monte ten unha altura de 341 metros e está situado na desembocadura do río Miño. A partir dos douscentos metros de altura configúrase un gran poblado amurallado, de construcións circulares na súa maioría, con corredores e dependencias anexas (tamén hai algunhas ovaladas e cadradas. A súa orixe remóntase a idade de Bronce (1900 a. de C.) e alcanzou o seu máximo esplendor o período Galaico-Romano.

Desde as primeiras excavacións fóronse recolectando innumerables pezas.

